



ACTA DE MESA DE CONTRATACIÓN DE EXPLOTACIÓN DA CAFETERÍA DE EDIFICIO NAÚTICO DE TUI. APERTURA DE SOBRE C. "OFERTA ECONOMICA".-

Na Casa Consistorial do Concello de Tui e ás 10,00 horas do día 29 de agosto de 2013, en sesión pública, no Salón de Sesións, reúnese a Mesa de Contratación de explotación da cafetería do edificio náutico de Tui, presidida polo Sr. Alcalde-Presidente da Corporación, D. Moisés Rodríguez Pérez, actuando como vogais o Interventor municipal, D. Aitor Iglesias Monzón, a Secretaria municipal, Dña. Irene Suárez López, o Arquitecto técnico municipal, D. José María Melero González e o concelleiro de Facenda e Patrimonio, D. Marcelino Cendón Vázquez, actuando como Secretaria da mesa a funcionaria Dña. María Jesús Blanco Martínez. Non asiste o concelleiro de Deportes, D. Nicolás Lorenzo Montes.

Publicado Edicto no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra, nº 113, de 13 de xuño de 2013 e no Perfil de Contratante da páxina web do Concello (www.concellotui.org) na mesma data, de licitación do contrato de explotación de cafetería do edificio Náutico de Tui, rematando o prazo de presentación de propostas o 29 de Xuño de 2013.

Ó termo do prazo de presentación de ofertas constan as seguintes:

- D. Camilo Urgal Gómez.
- Bouzada Rodríguez S.L.
- D. Manuel Garrido Barbosa.

En sesión celebrada o 2 de Xullo de 2013, procédese á apertura da documentación administrativa, SOBRE A, das empresas presentadas á licitación, acordando a Mesa requerir ós licitadores a seguinte documentación.

Con data 10/07/13, (N.R.E. 6002, de mesma data) D. Camilo Gómez Urgal indica, con respecto á documentación requirida que, so presenta a declaración dunha entidade financeira por ser a única coa que traballa, indicando, en relación á solvencia técnica que nos tres últimos anos non exerceu a actividade obxecto do contrato, se ben, si con anterioridade, tal e como acredita coa súa vida laboral.

Con data 12/07/13 (N.R.E. 6068 de mesma data) dona María Montserrat Bouzada González, en representación de Bouzada Rodríguez S.L. aporta escritura mercantil, debidamente compulsada, así como a declaración doutra entidade financeira requirida.

Con data 24/07/13 (N.R.E. 6426 de mesma data), D. Manuel Garrido Barbosa, presenta declaración doutra entidade financeira en cumprimento do requirimento efectuado.

En sesión celebrada o 19 de agosto de 2013, procédese pola Mesa de Contratación, en acto público, a indicar os seguintes aspectos:

1.- Á vista da documentación presentada polos licitadores, e tendo en conta que a xuízo da Mesa de Contratación, non se dá cumprimento ós pregos de cláusulas administrativas particulares, en relación coa aportada por D. Camilo Gómez Urgal, polas razóns arriba expostas, por unanimidade dos presentes adoptase o seguinte ACORDO:

- Excluir da licitación para explotación de contrato de cafetería do edificio do Nautico a D. Camilo Gómez Urgal, por non acreditar debidamente a solvencia económica e técnica esixida nos pregos de cláusulas administrativas que rexen a contratación.
- Declarar admitidos ós seguintes licitadores:
 - o BOUZADA RODRÍGUEZ S.L.
 - o MANUEL GARRIDO BARBOSA.

2.- De seguido, por parte da Secretaría da mesa procédese á apertura do SOBRE B- DOCUMENTACIÓN SUXEITA A VALORACIÓN CON CRITERIOS SUBXETIVOS. Á vista da documentación presentada, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos membros presentes adopta o seguinte ACORDO:

- Solicitar ó Arquitecto técnico municipal, vogal da Mesa de Contratación, que emita informe, fundado, en relación ós proxectos de prestación do servizo presentados polos licitadores, ós efectos de poder outorgar a puntuación establecida nos pregos.
- Dar traslado do expediente completo ó funcionario ós efectos da emisión do informe.

3.- Polo arquitecto técnico municipal, con data 20 de agosto 2013, se emite informe, que, a continuación, se transcribe literalmente:

"DON JOSÉ M^a MELERO GONZÁLEZ, APARELLADOR MUNICIPAL DO EXMO. CONCELLO DE TUI,

INFORMA: Procedida pola Alcaldía a apertura das proposicións económicas (sobre B) presentadas polas persoas físicas e xurídicas que a continuación se indican para EXPLOTACIÓN DA CAFETERÍA DO EDIFICIO NÁUTICO DE TUI, por importe de canon anual mínimo de 4.000€ máis IVE, mediante PROCEDIMENTO ABERTO, teño a ben emiti-lo seguinte informe-valoración:

EMPRESAS PRESENTADAS:

BOUZADA RODRIGUEZ, S.L. ofrece un presuposto de inversión de 6.000€, incluído IVE, dos cales 4.000€ son de obra e 2.000€ de mobiliario.

MANUEL GARRIDO BARBOSA ofrece un presuposto total en obras, instalacións e mobiliario de 47.308,09€, incluído IVE, dos cales 7.000€ en obras e 40.308,09€ en instalacións e mobiliario.

CAMILO GOMEZ URGAL non admitido.

VALORACIÓNS:

	PRECIO ARTÍCULOS	INVERSIÓN/MELLORA/ PERSOAL	TOTAL PTOS
BOUZADA RODRIGUEZ S.L.	15	2,25	17,25
MANUEL GARRIDO BARBOSA	15	15	30

A vista das valoracións obtida a proposta máis vantaxosa para o Concello é a presentada por MANUEL GARRIDO BARBOSA."

Expostos tódolos antecedentes anteriores, de seguido, neste acto, procédese pola Mesa de Contratación á apertura so sobre C) "Oferta Económica" presentadas polos licitadores:

- Bouzada Rodriguez, S.L., que ofrece un cánon anual de 20.000 máis IVE (veinte mil euros máis IVE).
- D. Manuel Garrido Barbosa, que ofrece un cánon anual de 5.000 euros máis IVE (cinco mil euros máis IVE.)



Á vista do anterior e de conformidade coa fórmula establecida no prego de cláusulas administrativas aos efectos de criterio cuantificable de forma automática, no que se indica que o cánon da concesión ofertado acadará ata unha puntuación máxima de 70 puntos, outorganse as seguintes puntuacións:

LICITADOR	OFERTA	PUNTUACIÓN
Bouzada Rodríguez, S.L.	20.000,00	70,00 puntos
Manuel Garrido Barbosa	5.000,00	4,37 puntos

Polo exposto anteriormente, as puntuacións totais dos licitadores son:

LICITADOR	PUNTUACIÓN SOBRE B	PUNTUACIÓN SOBRE C	PUNTUACION TOTAL
Bouzada Rodríguez, S.L.	17,25	70,00	87,25 PUNTOS
Manuel Garrido Barbosa	30,00	4,37	34,37 PUNTOS

Á vista do anterior, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos membros presentes, acorda:

Propoñer á empresa "**Bouzada Rodríguez, S.L.**", CIF B36411676, con enderezo en Polígono Industrial A Granxa, Parcela nº 256, cp 36745 O Porriño, como adxudicatario do contrato, por ser a proposta máis vantaxosa, que se eleva ó órgano de contratación para requirir ó licitador proposto que presente a documentación xustificativa de conformidade co artigo 151 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

De seguido se estende a presente acta, que trala súa lectura é asinada por tódolos asistentes, do que eu secretaria, dou fe.

A MESA DE CONTRATACIÓN

O ALCALDE-PRESIDENTE

A SECRETARIA DA MESA

Asdo: Moisés Rodríguez Pérez.

Asdo: M^a Jesús Blanco Martínez.

O INTERVENTOR DO CONCELLO

A SECRETARIA DO CONCELLO

Asdo: Aitor Iglesias Monzón.

Asdo: Irene Suárez López

O CONCELEIRO DE FANCHEDA
E PATRIMONIO

O ARQUITECTO TÉCNICO MUNICIPAL

Asdo: Marcelino E. Cendón Vázquez

Asdo: José M^a Melero González.